

MANUEL FERNÁNDEZ MUNÍN alcalde do Concello de Boqueixón (A Coruña)

FAGO SABER:

Que segundo a resolución do 14 de marzo publicada no DOGA nº61 do 27 de marzo do 2018 polo que se aproban as bases reguladoras para a concesión das **axudas extraordinarias a persoas emigrantes retornadas para a convocatoria do ano 2018**.

PERSOAS BENEFICIARIAS: as persoas galegas e nadas en Galicia, os cónxuxes e/ou fillos/as das persoas galegas e nadas en Galicia, persoas con nacionalidade española antes do retorno e ter residencia actual en Galicia.

REQUISITOS: ter residido legalmente no estranxeiro un mínimo de 3 anos ininterrompidos inmediatamente anteriores á data de retorno a España, non ter transcorrido máis de 2 anos entre a data de retorno a España e a data de presentación da solicitude, estar empadroadada e ter residencia en Galicia, carecer de recursos económicos suficientes e bens patrimoniais (mobles e inmobles) na unidade familiar.

DOCUMENTACIÓN: copia DNI, certificado de nacemento en Galicia, certificado de persoa emigrante retornada, certificado de vida laboral do solicitante e tódolos membros da unidade familiar, xustificantes de bens mobles e inmobles a excepción da vivenda habitual, calquera documentación específica (informe médico, certificado do grao de discapacidade, acreditación de vítima de violencia de xénero...)

PRAZO DE PRESENTACIÓN: Ata o 31 de agosto do 2018, incluído.

SOLICITUDES E INFORMACIÓN: Servizos Sociais do Concello ou no nº teléfono 981513106

Boqueixón, 2 de abril do 2018

O Alcalde

Manuel Fernández Munín

